



**PROGRAMA MUNICIPAL ENLAZAVIGO 2022
GUÍA PARA PROFESORADO**



Proposta 2022

Centros de secundaria (3º e 4º ESO), BAC e ciclos FP

Accións no centro (outubro-novembro)

Dinámica na aula, charlas, exposicións itinerantes

Feira educativa e evento central no Auditorio Mar de Vigo

25 de novembro



Máis información e
seguimento en:
www.enlazavigo.org



QUE ATOPARÁS NESTA GUÍA?

Con motivo da conmemoración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, o 25 de novembro de cada ano, a **Concellería de Igualdade do Concello de Vigo** pon en marcha un conxunto de accións dirixidas a sensibilizar a sociedade sobre a violencia que se exerce contra as mulleres.

Dende o convencemento de que é a mellor estratexia contra a violencia de xénero, traballamos no eido da prevención e concienciación coa xente moza para conseguir que as novas xeracións se impliquen activamente na construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria para todas e todos. Por isto, buscando a implicación da comunidade educativa dos centros de ensino secundario da cidade, desde o ano 2011, organizamos a iniciativa **ENLAZAVIGO - Reacción cidadá contra a violencia de xénero**. Con esta campaña traballamos na consecución dos seguintes obxectivos:

- **Concienciar** a poboación viguesa, especialmente a xuventude, **da problemática da violencia de xénero co propósito de conseguir unha maior implicación** da cidadanía no seu **rexeitamento**.
- **Previr e detectar novas formas de violencia de xénero na xuventude**, ofrecendo formación específica a través de obradoiros destinados ao alumnado e profesorado.
- **Rexeitar e deter a violencia de xénero**, co obxecto de previla, recoñecela e non ser cómplices destas actitudes e comportamentos, **dotando á mocidade de ferramentas de reflexión crítica**.

No ano 2013 EnlazaVigo recibe o Premio Nacional “Buenas Prácticas contra la violencia de género” outorgado ao Concello de Vigo pola Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero e a Federación Española de Municipios e Provincias.

Durante todos estes anos ten participado un **promedio anual de 40 centros educativos** na iniciativa, cunha presenza media no evento central de **1500 participantes**. Ver Memoria 2011-2020 (<http://www.enlazavigo.org/memorias/>)

Nesta edición 2022 continuaremos traballando na **sensibilización e prevención das violencias sexuais na mocidade** con alumnado de 3º e 4º da ESO, BAC e ciclos de FP.

A presente guía explicativa para o profesorado contén **materiais, recursos, documentación e actividades** para que se poida desenvolver nas aulas, adaptando os contidos e dinámicas segundo á idade do alumnado.

1. **A violencia de xénero: conceptos básicos (páxina 3)**
2. **A violencia sexual e a súa tipoloxía (páxina 4)**
3. **Contextualización da violencia sexual (páxina 5)**
4. **Ámbitos onde pode darse violencia sexual (páxinas 6 e 7)**
5. **Consecuencias da violencia sexual (páxina 8).**
6. **Recomendacións (páxina 9)**
7. **Recursos e materiais** para traballar na aula, divididos en 6 bloques temáticos diferenciados:
 - **BLOQUE 1: Conceptos básicos (páxina 10)**
 - **BLOQUE 2: Para reflexionar sobre o acoso sexual na rúa (páxina 11)**
 - **BLOQUE 3: Prevención da violencia sexual nos espazos de lecer e ocio nocturno (páxina 11)**
 - **BLOQUE 4: Prevención das ciberviolencias sexuais (páxina 11)**
 - **BLOQUE 5: Prevención da violencia sexual no ámbito das relacións afectivas (páxina 12)**
 - **BLOQUE 6: O consentimento (páxina 12)**
8. **Actividades e dinámicas de nivel básico (páxinas 13 - 15)**
9. **Actividades e dinámicas de nivel avanzado (páxinas 16 - 19)**
10. **Proposta para a creación dun Punto Lila (páxina 20)**

Documentación complementaria:

- **Ficha coas actuacións 2022: actividades propostas e calendarización** para EnlazaVigo 2022
- **Ficha de inscrición EnlazaVigo 2022**
- **Ficha técnica exposicións itinerantes**

A VIOLENCIA DE XÉNERO: CONCEPTOS BÁSICOS

A **violencia de xénero** é todo acto que teña como resultado o sufrimento físico, sexual ou psicolóxico dunha muller, cometido por un varón contra a súa vítima polo só feito de ser muller. Inclúense tamén as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se producen na vida pública coma na privada.

Supón tamén a manifestación extrema da desigualdade e do sometimento no que viven as mulleres no mundo. Constitúe un atentado contra o dereito á vida, á seguridade, á liberdade e á dignidade das mulleres e das mozas e polo tanto un obstáculo para o desenvolvemento dunha sociedade democrática.

A **violencia de xénero** pode presentarse de distintas formas: **violencia psicolóxica, violencia verbal, violencia económica, violencia física e violencia sexual**. En EnlazaVigo 2022 continuaremos traballando sobre esta última.

Na **presente guía** ofrecemos ferramentas que permitirán:

- Entender o significado e as implicacións das violencias machistas.
- Contextualizar a violencia sexual dentro das distintas manifestacións que existen das violencias machistas.
- Desmontar mitos que permiten a normalización e perpetuación da violencia sexual.
- Pór en marcha nas aulas un programa de prevención das violencias sexuais a través de dinámicas, exercicios e recursos.

Violencia psicolóxica

- . Ignora a túa presenza.
- . Contróláte, vixíate.
- . Merma a túa estima, insultándote, descalificándote, gritándote, facéndoche comentarios degradantes.
- . Culpabilízate de calquera problema.
- . Non respecta a túa opinión e impón sempre a del.
- . Ameázate e coaccióname.

Violencia sexual

- . Obrígate a manter calquera tipo de relación sexual.
- . Impídete exercer a túa sexualidade libremente.
- . Acósate con insinuacións sexuais, incomodándote

Violencia social

- . Íllate do teu contorno social.
- . Controla as túas relacións familiares e de amizade.
- . Controla e critica a túa forma de vestir.
- . Contrólache as chamadas e todas as actividades.
- . Humíllate e ponte en evidencia publicamente.

Violencia física

- . Empúrrate, golpéate, tírache dos pelos.

Ciberviolencia

- . Emprega as TIC's e as redes sociais como medio para facerche dano ou ter control sobre ti.



A VIOLENCIA SEXUAL E A SÚA TIPOLOXÍA

O primeiro no que se pensa cando escoitamos “**violencia sexual**” é nunha rapaza camiñando soa pola rúa, asaltada por un descoñecido.

A violencia sexual é moito máis que isto:

- Acosar con palabras, chamadas ou imaxes de contido sexual.
- Obrigar a alguén a manter calquera tipo de contacto sexual non desexado.
- Obrigar a alguén a espirse ou acariñarse intimamente, ou a mirar como alguén o fai.
- Obrigar a alguén a manter relacións sexuais sen protección.
- Datos oficiais demostran que a maioría das agresións sexuais non son cometidas por descoñecidos.



FONTE: <https://observatorioviolencia.pe/la-violencia-simbolica-hacia-las-mujeres/>

Tipos de violencia sexual

Acoso sexual

. **Peticións de “favores” sexuais** desde unha posición de autoridade, mediante coaccións ou ameazas.

. **Piropos, comentarios de contido sexual ou tocamientos non desexados**, co obxectivo de incomoda ou intimidar.

Ciberviolencia sexual

. **Sexting**: esta práctica pode facilitar a difusión de fotos ou vídeos de contido sexual de alguén a través do teléfono móbil ou redes sociais sen consentimento da persoa

. **Sextorsión**: chantaxear utilizando imaxes ou vídeos compartidos na rede, como fotos íntimas, en roupa interior, etc.

. **Ciberbulling ou ciberacoso**: acoso psicolóxico, de xeito individual ou grupal, utilizando ameazas, chantaxes, humillacións, etc.

. **Grooming ou engatusamento**: prácticas en liña de certas persoas adultas para gañar a amizade e a confianza dun/dunha menor finxindo empatía, cariño, etc. cun fin sexual

A violencia sexual é un delito.

Agresión sexual

Toda aquela conduta que atente contra a liberdade sexual sen o consentimento da outra persoa.

Considérase que non hai consentimento en toda actuación sexual sobre sobre un/unha menor de 16 anos, a non ser que sexa entre dúas persoas cun mesmo grao de madurez ou idade

A nova Lei 10/2022 de garantía integral da liberdade sexual (entra en vigor o 7 de outubro de 2022) establece que **se non hai un consentimento expreso, calquera contacto sexual non desexado será unha AGRESIÓN SEXUAL**. Introduce, así mesmo, o agravante da sumisión química neste tipo de agresións.

CONTEXTUALIZACIÓN DA VIOLENCIA SEXUAL

A violencia sexual é unha das manifestacións da violencia machista. Tal e como acontece co resto das violencias contra as mulleres é importante contextualizala e entender aqueles aspectos que contribúen a normalizala e invisibilizala.

Por exemplo, o xeito de abordala desde algúns medios de comunicación reforza o estigma sobre as vítimas e difumina a responsabilidade de quen agrede.



FONTE: <https://esnemoda.wordpress.com/2013/05/01/vogue-y-sus-lolitas/>




FONTE: <https://www.20minutos.es/noticia/203671/0/Dolce/Gabbana/ANUNCIO/>

Algúns dos factores que facilitan a normalización e perpetuación da violencia sexual son:

1. **Hipersexualización das mulleres** desde idades temperás.
2. **Banalización e “glamourización” da violencia sexual** a través, por exemplo, do cine, da música, da televisión, dos videoxogos, etc.
3. **Cuestionar a quen denuncia** unha agresión sexual.
4. **Defender publicamente a celebrities** acusadas de cometer agresións sexuais.
5. **Campañas centradas na actitude da vítima e non na do agresor** (cómpre ensinar a non agredir).

Catro niveis na violencia sexual



Non son incidentes illados. É algo sistemático na nosa sociedade

FONTE: Guía para jóvenes: prevención de la violencia sexual y de género (Rebolledo, ML (coord). Junta de Extremadura ([ENLACE](#)))

Na rúa

Hai certas condutas que na nosa sociedade xa están totalmente normalizadas, aínda que supoñan limitar ou interferir nos horarios e no uso dos espazos por parte das mulleres e das rapazas.


Asubiar a unha descoñecida pola rúa, facerlle comentarios groseiros acerca do seu corpo ou aparencia; mirala insistentemente, achegarse a ela ou perseguila pola rúa son situacións que máis que resultar divertidas ou adulatoras, incomodan e en moitos casos amedrentan a quen van dirixidas.

MITOS:

- A ninguén pode molestarlle un piropo: son palabras bonitas e forma parte da nosa cultura. Non é acoso na rúa.
- A certas horas unha muller non debería andar soa pola rúa. Resulta perigoso.
- Os rapaces/homes son así, e elas vístense dese xeito para chamar a atención

SÓANCHE ESTES COMENTARIOS/SITUACIÓNS?:

- Ir andando pola rúa e que alguén se dea a volta descaradamente para mirar de arriba a abaixo.
- Asubiar a alguén que vai paseando
- Ter que cruzar a rúa para non pasar por diante dun grupo de homes/rapaces.
- Volver a casa despois de saír co teu grupo de amigas e amigos e ter que acelerar o paso porque alguén vai incomodándote (achéganse a ti ou comezan a seguirte)
- Ter que pedir que te acompañen a casa ou coller un taxi polo medo a ir soa pola rúa



Nos espazos de lecer e ocio nocturno

Nestes espazos difumínanse e “reláxanse” con frecuencia as normas e valores sociais que rexen noutros ámbitos e horarios. É dicir, situacións que están totalmente normalizadas nun contexto de lecer e ocio nocturno serían rexeitadas en calquera outro contexto.

MITOS:

- O alcohol e as drogas son a causa da violencia sexual nos espazos de ocio.
- Só hai violencia sexual se hai penetración.
- Cando unha muller di "non" en realidade quere dicir "si".
- Son feitos illados, pouco frecuentes

SÓANCHE ESTES COMENTARIOS/SITUACIÓNS?:

- “Se queren que a respecten, que non se vista así.”
- “Vai provocando con ese escote.”
- “Os homes non saben controlarse”
- “A quen se lle ocorre ir soa a esas horas da noite?”
- “Buscouno ela”

Nas redes

A violencia sexual que se exerce utilizando as redes sociais denomínase **ciberviolencia**, e inclúe: **ciberacoso, sexting, grooming e sextorsión**.

MITOS:

- Disponibilidade absoluta obrigatoria (ter que contestar mensaxes e notas de voz ao momento).
- Conianza (mal)entendida como a ausencia total de espazos propios (ter que compartir contrasinais das redes sociais como mostra de amor, por exemplo)

SÓANCHE ESTES COMENTARIOS/SITUACIÓNS?:

- “Por que non me contestabas, se estabas conectada?”
- “Se confiases en min daríasme os teus contrasinais”
- “Non me gusta que subas ese tipo de fotos”



Nas relacións afectivas


A violencia sexual dentro dunha relación afectiva é, en moitas ocasión, difícil de detectar. Xogan un papel fundamental o vínculo existente entre a persoa que agrede e a persoa agredida e tamén os mitos do amor romántico, que vinculan amor con sufrimento e con entrega absoluta.

MITOS:

- O agresor é normalmente unha persoa descoñecida, solitaria, asocial... se é o teu mozo, non foi unha agresión sexual.
- Se é a túa parella, tes que satisfacela sempre que queira.
- Os métodos anticonceptivos non son necesarios se tes parella estable.
- Se xa tivestes relacións sexuais antes, non é necesario o consentimento.

SÓANCHE ESTES COMENTARIOS/SITUACIÓNS?:

- “Se me quixeras non dirías que non”
- “Se non che apetece facelo é que xa non te gusta”
- “Confía en min, non necesitamos usar preservativo”
- “Xa o fixemos así máis veces, non entendo que non queiras agora”



Consecuencias

SAÚDE FÍSICA

- Embarazos non desexados
- Contaxio de enfermidades de transmisión sexual
- Aparición dalgunha disfunción sexual
- Trastornos xinecolóxicos
- Somatización (dores de cabeza, estómago, etc)

SAÚDE MENTAL

- Depresión, ansiedade
- Deterioro da imaxe persoal
- Trastornos de alimentación e de sono
- Baixa autoestima
- Illamento, soidade, dificultade para manter relacións de amizade ou trato

NON AGRIDAMOS NIN SEXAMOS COMPLICES!!

- Respecta cando che din que **NON**.
- Non insistas ou fagas tocamientos se non che dan permiso para facelo.
- Non realices comentarios obscenos, asubíos e miradas intimidatorias.
- Unha muller pode decidir “para” en calquera momento da relación sexual e ten que ser respectada, aínda que sexa a túa parella.
- Non tomes o silencio como un si. Se non estás seguro se a o outra persoa quere ter sexo pregúntalle como se sente antes de seguir.
- Fomenta relacións de bos tratos. Constrúe relacións en igualdade respectando a diversidade.

Utilizas xestos obscenos para intimidar as mozas e os mozos

REFLEXIONA!

Forzaches, intimidaches ou presionaches a outra persoa para conseguir que aceptase a túa proposta sexual

Compartiches fotos ou vídeos sexuais dalgunha amiga ou amigo a través do teu móbil, internet ou das redes sociais

COMO PODEMOS AXUDAR?

- Pregúntalle como se atopa e se necesita axuda.
- Escóitaa con respecto. Cre nela e non fagas xuízos.
- Non a deixes soa e trata de crear un espazo de seguridade.
- Axúdalle a contactar con alguén da súa confianza que a poida acompañar.
- Contacta coa Policía Nacional ou Policía Municipal. Non agridamos nin sexamos cómplices.
- Acude ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (rúa de Romil, 20 – 986 293 963). Servizo municipal, gratuito e confidencial que dispón dun equipo multidisciplinar integrado por psicóloga, avogada e traballadora social.

Quen sofre unha agresión sexual sente:

rabia, indignación, noxo... e tamén culpa, vergoña, medo, depresión ou ansiedade... tendo consecuencias para a súa saúde física e mental.

Proponse, a continuación, diferente **material** (guías, recursos variados e material audiovisual) co que poder traballar nas aulas a **prevención da violencia sexual na mocidade** tendo presente os **distintos espazos analizados**. Distribúese en 6 bloques*:

Bloque 1, para traballar **conceptos básicos** relacionados coa prevención da violencia sexual.

Bloque 2, para reflexionar sobre o **acoso sexual na rúa**.

Bloque 3, para traballar a **violencia sexual nos espazos de lecer e ocio nocturno**.

Bloque 4, relacionado coas **violencias sexuais que acontecen nas redes sociais**.

Bloque 5, no que se traballará a **violencia sexual nas relacións afectivas**.

Bloque 6, o **consentimento**.

BLOQUE 1: CONCEPTOS BÁSICOS

1. Exposición “A violencia sexual na mocidade. Infórmate!” da Concellería de Igualdade de Vigo, á disposición de todos os centros de ensino da cidade. Consta de 10 paneis informativos que tratan sobre a violencia sexual, tipos, consecuencias, como pode axudar o grupo de iguais á persoa agredida e claves para unha convivencia en respecto, liberdade e igualdade. Máis información en: www.igualdadevigo.org/violenciasexualxuventude.php

2. Guía “Conectamos ben? Mozos e mozas que se tratan ben e de = a =” da Concellería de Igualdade de Vigo, dirixida á mocidade, coa finalidade de promover o bo trato naqueles ámbitos nos que se desenvolve a súa vida cotiá: as redes sociais, o tempo de lecer coas amizades e nas relacións de parella: http://www.igualdadevigo.org/?sec=publicaciones&id_noticia=409

3. Manual “Datos e datos para lembrar en pé de igualdade... e non esquecer o resto do ano” da Concellería de Igualdade de Vigo. Trata sobre as distintas conmemoracións oficiais que se celebran ao longo do curso escolar, elaborado con perspectiva de xénero por profesionais do ensino: www.igualdadevigo.org/datasedatos

4. Guía para o tratamento informativo da violencia de xénero do Consejo Audiovisual de Andalucía. Nesta guía atoparás 14 puntos esenciais para analizar as noticias relacionadas con violencias machistas desde unha perspectiva exenta de sexismo: https://consejoaudiovisualdeandalucia.es/wp-content/uploads/2016/06/guia_violencia_de_genero.pdf

5. Artigo “Machismo y medios. Lo peor de 2019” da revista en liña Píkara, no que se trata o xeito de enfocar as noticias sobre violencia machista nos medios de comunicación: <https://www.pikaramagazine.com/2019/12/machismo-y-medios-lo-peor-de-2019/>

6. Educación 3.0: páxina web adicada á innovación educativa. Neste enlace ofrecen diferentes recursos para traballar a educación sexual nas aulas: <https://www.educaciontrespuntocero.com/recursos/recursos-trabajar-educacion-sexual/>

Vídeo 1: “La línea. #dibujalalinea contra la violencia sexual”. (Fundación Aspacia, ONG implicada na loita contra as violencias e pola igualdade real) https://www.youtube.com/watch?v=2rEcPYuOBj8&ab_channel=FundacionAspacia

Vídeo 2: “Enlaza Vigo 2020. A Mocidade Viguesa contra a escala da violencia de xénero: Historia de Pepa e Pepe”. Vídeo colaborativo realizado no marco da campaña Enlaza Vigo 2020, que afonda na violencia de xénero que se pode dar nas relacións entre a mocidade. Vídeo inspirado no relato de Carmen Ruíz Repullo: <http://www.enlazavigo.org/2020/video-enlazavigo-2020/>

BLOQUE 2: PARA REFLEXIONAR SOBRE O ACOSO SEXUAL NA RÚA

7. Breve guía sobre aspectos básicos relacionados co acoso sexual na rúa, da Secretaría da Muller e Igualdade da FeSP UGT Castilla y León. https://castillayleon.fespugt.es/images/pdfs/Mujer-Igualdad/pedagogia/acoso_sex_calle.pdf

8. Información sobre “Mapa da cidade prohibida”, iniciativa posta en marcha en distintos concellos, que consiste en trazar un mapa sinalando os lugares que se perciben como máis perigosos por parte das mulleres, e propostas para unha planificación urbanística inclusiva.

<https://observatorioviolencia.org/buena-practica-contr-la-violencia-de-genero-mapa-de-la-ciudad-prohibida/>

Vídeo 3: “Camino a casa”, curtometraxe presentada a Calella Film Festival Límit 48h. Argumento: Marta unha rapaza nova, normal e corrente, regresa a casa despois dun día longo na universidade. Durante o traxecto é acosada varias veces por uns rapaces. Marta asustada continúa o seu camiño cada vez con máis medo. Autoras: Júlia Cortés, Judit de los Aires, Andrea Mora, Irene Reina, Maria Torner. https://www.youtube.com/watch?v=O9B9Cny3gRU&ab_channel=AndreaMora

Vídeo 4: da campaña “Al revés tú también te asustarías”, do concello de Güejar de la Sierra, contra o acoso na rúa. Neste vídeo amósase a reacción dos homes cando pasan por unha situación habitual para as mulleres. Recurso para reflexionar e traballar desde a empatía.

<https://observatorioviolencia.org/guejar-de-la-sierra-realiza-la-campana-al-reves-tu-tambien-te-asustarias-contr-el-acoso-callejero/>

BLOQUE 3: PREVENCIÓN DA VIOLENCIA SEXUAL NOS ESPAZOS DE LECER E OCIO NOCTURNO

9. Guía: “7 Pasos para abordar as violencias sexuais nos espazos de ocio nocturno”, do Observatorio Noctámbul@s. Guía con datos interesantes, definicións e propostas que facilitarán a detección e prevención das violencias sexuais nos espazos de lecer e ocio nocturno:

https://www.drogasgenero.info/wp-content/uploads/Guia7pasos_AbordajesVS_Noctambulas_comprimida2.pdf

10. Manual de Sensibilización para a mocidade “#nochessegurasparatodas”. Documento con información necesaria para sensibilizar o alumnado en relación a este tipo de violencias. A partir da páxina 62 do manual, recóllense imaxes da campaña #nochessegurasparatodas, material moi interesante para debatir nas aulas:

https://mujeresjovenes.org/wp-content/uploads/2020/10/ManualdeSensibilizacion_NochesSegurasParaTodas.pdf

11. Díptico Punto Lila, da Concellería de Igualdade de Vigo. Campaña “Respecto! Por un ocio libre de violencias machistas”. Punto de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio. http://www.igualdadevigo.org/archivos_editor/file/noticias/Diptico_Punto_Lila.pdf

Vídeo 5: “O sexismo tamén sae de festa. Desmontemos mitos!”, do Observatorio Noctámbul@s, un proxecto da Fundación Salud y Comunidad para abordar as violencias sexuais en contextos de lecer e ocio nocturno:

https://www.youtube.com/watch?v=T_8GG3Zat_U&ab_channel=Drogas%26G%C3%A9neroFSYC

BLOQUE 4: PREVENCIÓN DAS CIBERVIOLENCIAS SEXUAIS

12. Informe sobre Violencia Viral, de Save the Children:

https://www.savethechildren.es/sites/default/files/jmce/docs/informe_violencia_viral_1.pdf

13. Guía pedagóxica para traballar a educación nas novas tecnoloxías, do Departamento de Empleo y Políticas Sociales, Gobierno Vasco. Guía con actividades e dinámicas de grupo, diferenciadas por idades, par traballar nas aulas a educación e prevención nas Novas Tecnoloxías:

https://www.euskadi.eus/contenidos/informacion/egonline_unitatedidaktikoak/es_def/adjuntos/egonline_cast.pdf

14. Guía didáctica: “La ciberviolencia hacia las adolescentes en las redes sociales”, do Instituto Andaluz de la Mujer. Breve guía na que se analiza cada unha das ciberviolencias, propoñendo distintas actividades para traballalas na aula:

https://www.juntadeandalucia.es/iamimages/FONDO_DOCUMENTAL/COEDUCACION/Guia-ciberviolencia.pdf

Vídeos corresponden á campaña de Save the Children “Violencia Viral” (campaña de prevención das ciberviolencias en liña):

• **Vídeo 6: “Grooming. Di non á violencia online que sofre a infancia”** https://youtu.be/_6iUbXdwgio

• **Vídeo 7: “A historia de Oriana, vítima de ciberacoso”** https://youtu.be/Kl_Vh30-E6g

• **Vídeo 8: “A historia de Alba, vítima de violencia en liña por parte da súa parella”** <https://youtu.be/pMdJbmHOCpc>

BLOQUE 5: PREVENCIÓN DA VIOLENCIA SEXUAL NO ÁMBITO DAS RELACIÓNS AFECTIVAS

- 15. Guía Sexualidad Humana. Guía para profesionales de la educación y de la Salud**, Junta de Andalucía. Guía con dinámicas e xogos para traballar a educación afectivo-sexual, adaptadas a distintas franxas de idade: <https://www.juntadeandalucia.es/educacion/portals/delegate/content/c8a8a3e0-ec60-4703-a0e1-8b9fea539764>
- 16. Guía Sexualidad y Relaciones Igualitarias** de La Junta de Andalucía, para traballar as relacións afectivo-sexuais na adolescencia. Contén unha gran variedade de recursos educativos, orientados ao alumnado, profesorado e familias: <https://www.juntadeandalucia.es/educacion/portals/delegate/content/46046472-7424-460d-83cc-3f415f6b5cad>
- 17. “Cativa de ti”**, banda deseñada para a prevención da violencia de xénero. Dirixida a estudantes da ESO: <https://violenciagenero.igualdad.gob.es/sensibilizacionConcienciacion/campañas/otromaterialGobierno/comics/docs/PilladaGalego.pdf>
- 18. “Mi novio me controla... lo normal”**, Blog de Ianire Estébanez, para rapazas confundidas polo amor que queren desconfundirse: <http://minoviomecontrola.blogspot.com.es/>
- 19. “Abre los ojos: el amor no es ciego”**. Guía elaborada por Carmen Ruíz Repullo (2009), publicada polo Instituto Andaluz de la Mujer. Nesta guía abórdanse as relacións afectivo-sexuais na adolescencia, proporcionando pautas para traballar estas cuestións desde o profesorado e a familia. <http://www.juntadeandalucia.es/iam/catalogo/doc/iam/2009/28777.pdf>
- 20. Dossier da Exposición “A violencia sexual na mocidade. Infórmate!”**, da Concellería de Igualdade de Vigo. www.igualdadevigo.org/violenciasexualxuventude.php
- 21. Guía “Conectamos ben? Mozos e mozas que se tratan ben e de = a =”** da Concellería de Igualdade de Vigo dirixida á mocidade. http://www.igualdadevigo.org/?sec=publicaciones&id_noticia=409
- Vídeo 9: Vídeo colaborativo do programa EnlazaVigo 2021.** Vídeo colaborativo realizado na campaña EnlazaVigo 2021. No vídeo varios grupos de igualdade de centros de ensino organizan a campaña “A mocidade viguesa contra a violencia sexual”, na que traballan esta problemática dende vivenzas propias. https://www.youtube.com/watch?v=mEooZf_b1mg&t=3s

BLOQUE 6: O CONSENTIMENTO

- 22. Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual.** <https://www.boe.es/boe/dias/2022/09/07/pdfs/BOE-A-2022-14630.pdf>
- 23. Artigo “Cuando se trata de consentimiento, no hay límites difusos”, da ONU Mulleres sobre o consentimiento.** <https://www.unwomen.org/es/news/stories/2019/11/feature-consent-no-blurred-lines>
- 24. Artigo “Mitos derribados sobre la Ley del sólo sí es sí para los que aún dudan de su necesidad”.** https://www.huffingtonpost.es/entry/solo-si-es-si-ley-feminismo_es_63060442e4b00c150d667475
- 25. Artigo “Cinco años de La Manada de San Fermín: el germen de la ley del ‘sólo sí es sí’”,** no que se explica a orixe da Lei integral de garantía da liberdade sexual. <https://navarra.elespanol.com/articulo/tribunales/anos-caso-manada-san-fermin-germen-ley-solo-es/20210706160917371681.html>
- 26. Artigo “Las 5 obras que explican por qué es importante la ley del ‘sólo sí es sí’”,** no que se amosan as violentas reaccións ante as obras de denuncia social de 5 artistas. https://www.huffingtonpost.es/entry/las-5-obras-que-explican-por-que-es-importante-la-ley-del-solo-si-es-si_es_604dbc1ec5b60e0725f7d163
- 27. Definición da regra de inversión do blog “Después de las Musas”,** no que se achegan dous vídeos explicativos <https://despuesdelasmusas.wordpress.com/2016/04/09/la-regla-de-la-inversion-igualdad-de-genero/>
- Vídeo 10: Vídeo “Consentimiento sexual explicado con té”.** <https://www.youtube.com/watch?v=E4WTnJCMrH8>
- Vídeo 11: Documental** corto (15 min) do programa de RTVE Objetivo Igualdad: “Violencia sexual: ayuda y reparación”, no que aparece un dos centros de crisis 24h que recolle a nova lei, explicando o seu funcionamento e necesidade. <https://www.rtve.es/play/videos/objetivo-igualdad/programa-60-violencia-sexual-ayuda-y-reparacion/6637909/>
- Vídeo 12: Vídeo da aplicación TikTok de Carla Galeote,** “tiktokker” cun gran seguimento entre a xuventude, no que explica a nova lei, desmontando mitos e falsas ideas extendidas sobre esta. https://www.tiktok.com/@carlagaleote/video/7126872174266207494?r=1&t=8Vq5uEGoprq&is_from_webapp=v1&item_id=7126872174266207494

BLOQUE 1. “A liña”

1. Ver o vídeo “La línea” (vídeo 1)
https://www.youtube.com/watch?v=2rEcPYu0Bj8&ab_channel=FundacionAspacia
2. Dividir a clase en 4 ou 5 grupos.
3. En cartolinas, e axudándose de recortes de revistas, xornais, rotuladores... cada un dos grupos elaborará un mural no que se represente a “Liña” da que fala o vídeo, e diferenciarán entre relacións sas e igualitarias e relacións nas que intervén a violencia sexual ou outro tipo de violencias machistas.
4. Unha vez elaborado o mural, cada grupo sairá por quendas para amosar e explicar o seu traballo.

BLOQUE 1. Análise e debate do vídeo proposto

1. O alumnado visualizará o vídeo “A historia de Pepa e Pepe” (vídeo 2).
2. Dividir a clase en 4 ou 5 grupos.
3. Cada grupo debe identificar os tipos de violencia que se dan na relación de Pepa e Pepe, distinguíndoos e clasificándoos segundo o aprendido.
4. Despois, pedirase a cada grupo que reflexione sobre a historia de Pepa e Pepe, seguindo as seguintes indicacións:
 - A historia finaliza co grupo de amizades de Pepa apoiándoa e animándoa a deixar esa relación. Que importancia pensades que teñen as amizades neste proceso? Como poden axudar? Débese intervir nestas situacións ou pensades que son problemas privados, de parella?
 - Cada grupo escribirá un epílogo da historia, é dicir, como remata a historia para Pepa e como remata para Pepe.
5. Para finalizar, farase unha posta en común do traballo de cada grupo e tamén unha reflexión conxunta.

BLOQUE 2. “E ti, que sentirías?”

1. Visualizar os vídeos do bloque 2: a curtametraxe “Camino a casa” (https://www.youtube.com/watch?v=O9B9CNY3gRU&ab_channel=AndreaMora) e o vídeo coa campaña contra o acoso na rúa do Concello de Güejar de la Sierra “Al revés tú también te asustarías”, (<https://observatorioviolencia.org/guejar-de-la-sierra-realiza-la-campana-al-reves-tu-tambien-te-asustarias-contr-el-acoso-callejero/>)
2. Abrirase un debate na clase no que o/a docente fará fincapé nas seguintes cuestións: as rapazas séntense recoñecidas co primeiro vídeo? A cantas lles pasou algo parecido nalgunha ocasión? Que sentiron? Pásalles o mesmo aos rapaces? Por que pasa isto? Que pensaron ao ver o segundo vídeo? Que poderíamos facer para cambiar esta situación?
3. O obxectivo desta dinámica é conseguir detectar os distintos tipos de acoso na rúa.

BLOQUE 3. “Festa segura para todas e todos!”

1. Visualizar o vídeo 5 “O sexismo tamén sae de festa. Desmontemos mitos!”, proposto no bloque 3 de materiais.
2. Dividir a clase en 4 ou 5 grupos.
3. Cada grupo fará unha reflexión sobre o contido do vídeo, con especial detención nos tres mitos que se nomean. Para cada un deles contraporase a realidade, segundo experiencias vividas ou presenciadas.
4. Para finalizar, farase unha posta en común do que se falou en cada grupo e, xa toda a clase xunta, tirará conclusións dos temas traballados.

BLOQUE 4. Análise e debate dos vídeos propostos

1. Visualizar os vídeos 6, 7 e 8 do bloque 4 (campana de prevención das ciberviolencias de Save the Children: “Violencia Viral”).
2. Por parellas, comentaranse os vídeos e poranse en común experiencias vividas ou coñecidas que teñan que ver cos temas tratados en cada un dos vídeos. Farase especial fincapé nas emocións que suscitan estas situacións (de todas as persoas implicadas na situación: vítima, persoa/s que agrede/n, persoa/s que coñece/n a situación ou presenza/n a agresión...), na súa resolución, e consecuencias da agresión (para vítima, para a persoa que agrede e para a súa contorna).
3. Para finalizar, farase unha posta en común das conclusións extraídas por cada parella e realizarase unha reflexión conxunta.

BLOQUE 5. “Abordando as distintas violencias sexuais”

1. Visualizar o vídeo 9 (vídeo colaborativo) do programa EnlazaVigo 2021 (https://www.youtube.com/watch?v=mEooZf_b1mg&t=3s)
2. Dividir a clase en 4 grupos mixtos (en cada grupo debe haber rapazas e rapaces).
3. Asignaráselle a cada un dos grupos un espazo dos que aparecen no vídeo (rúa, redes sociais, ocio ou relacións afectivas).
4. Cada grupo debatirá sobre as violencias sexuais que se poden dar no espazo que se lle asignou e porá exemplos de vivencias propias ou situacións coñecidas polas persoas integrantes do grupo.
5. Finalizado o debate, cada grupo explicará ao resto da clase as ideas, vivencias e experiencias que xurdiron ao abordar o tema.

BLOQUE 6: A orixe da lei

1. Ler o artigo “Cinco años de La Manada de San Fermín: el germen de la ley del ‘sólo sí es sí” (<https://navarra.elespanol.com/articulo/tribunales/anos-caso-manada-san-fermin-germen-ley-solo-es/20210706160917371681.html>)
2. Após a lectura, o profesorado iniciará un debate na clase sobre a orixe e necesidade da lei. O profesorado poderá moderar o debate ou elixir entre o alumnado unha persoa para que exerza esta función.
3. O profesorado ou a persoa elixida velará polo respecto das quendas de palabra, tratará de fomentar que interveñan todas as persoas e evitará que se monopolice o debate entre unha ou unhas poucas alumnas/os. Intentar equilibrar as quendas de palabra entre as rapazas e os rapaces.
4. Poderá utilizar como ferramenta de sensibilización, se o cre necesario, o documental “Violencia sexual: ayuda y reparación” (vídeo 11) <https://www.rtve.es/play/videos/objetivo-igualdad/programa-60-violencia-sexual-ayuda-y-reparacion/6637909/>.

BLOQUE 6. “O consentimento”

1. Ler o artigo “Cuando se trata de consentimiento, no hay límites difusos” (<https://www.unwomen.org/es/news/stories/2019/11/feature-consent-no-blurred-lines>) e ver o vídeo “Consentimento sexual explicado con té” (<https://www.youtube.com/watch?v=E4WTnJCMrH8>)-

2. Dividir a clase en 4 ou 5 grupos.

OPCIÓN 1:

- Cada grupo debatirá sobre as ideas principais extraídas tanto do artigo como do vídeo e anotarán as conclusións que extraían.
- Unha vez consensuadas as conclusións, cada grupo elixirá unha voceira ou voceiro para explicalas ao resto da clase.

OPCIÓN 2:

- En cartolinas elaborarán un mural coas ideas principais extraídas sobre o concepto de consentimento e a súa importancia nas relacións afectivo-sexuais. Poderán utilizar para isto recortes de revistas, xornais, rotuladores...
- Unha vez realizado o mural, cada grupo sairá por quendas para explicar ao resto da clase o seu traballo.

BLOQUE 1: Análise de titulares de prensa

1. Analizar titulares de prensa, detectando se hai ou non sexismo neles, e en caso positivo, propor unha nova redacción que non conteña estereotipos de xénero nin mitos relacionados coa violencia machista.
1. *Recomendamos consultar “Guía para o tratamento informativo da violencia de xénero” e o artigo de Píkara “Machismo y medios. Lo peor de 2019”, materiais propostos no apartado anterior, dentro do bloque 1.
2. Dividir a aula en 4 ou 5 grupos. Cada un dos grupos terá que analizar todos os titulares propostos, e unha vez realizado este traballo, porán en común a súa análise.
3. Ao finalizar o exercicio, pódese abrir un debate sobre o sexismo nos medios de comunicación.

EL MUNDO

Edición 7

SECCIONES España Cataluña Noticias Elecciones catalanas

SUCESOS

La acosada que no pidió ayuda

La muerte violenta merodeaba a Olga pero ni denunció ni supo encontrar a quien la escuchara en Castelldefels

Una de las menores aceptó tener sexo para no ser violada por los 10 miembros de la banda

Los miembros de la banda niegan los hechos, sin embargo las declaraciones de varias de las jóvenes que denuncian la agresión sexual les incriminan directamente

Detenido un joven de 22 años por una agresión sexual sobre una menor en un parque de Logroño

La víctima, de 15 años, fue abordada de forma violenta cuando regresaba de madrugada sola a su domicilio

EL ESPAÑOL

La vida "normal" de la chica violada en San Fermín: universidad, viajes y amigas

BLOQUE 2: Mural sobre o acoso sexual nas rúas

1. Ler a 7. “Breve guía sobre aspectos básicos relacionados co acoso sexual na rúa” e investigar sobre o proxecto do Mapa da Cidade Prohibida.
2. Dividir a clase en 4 ou 5 grupos.
3. Elaborarán un mural no que expliquen que entenden por acoso sexual nas rúas, que limitacións supón para as mozas este tipo de acoso, que boas prácticas se poden pór en marcha para evitalo... Para a elaboración do mural poden axudarse de revistas, recortes de prensa, rotuladores ou calquer outro material que consideren.
4. Cada grupo explicarlle ao resto da aula o seu mural.
5. Estes traballos poden poñerse nos corredores do centro para sensibilizar ao resto de alumnado sobre a violencia sexual.

BLOQUE 3: Debate e role playing #NoitesSegurasParaTod@s

1. Para esta dinámica, utilizaremos 10. *Manual de Sensibilización para a mocidade, “#NochesSegurasParaTodas”* e particularmente as láminas que aparecen a partir da páx. 62. Debateremos o que significan estas situacións.



2. Dividiremos a aula en 4 ou 5 grupos.
3. Cada un deles terá que elixir unha das situacións expostas nas láminas e facer unha pequena teatralización da escena, para o que repartirán os distintos roles entre as persoas que forman o grupo. Terán que propor, en cada unha das situacións representadas, unha boa práctica que solucione o problema elixido. Por exemplo, un rapaz comeza a molestar a unha rapaza dentro dunha discoteca. O grupo de amigos del, ao darse conta, intervén para recriminalle a súa actitude e separalo da rapaza.

BLOQUE 4: O/a instagramer ideal*

1. Divide a clase en varios grupos e pídelles que debuxen o rapaz ideal e a rapaza ideal instagramer.
2. Pídelles que expoñan as características que definiron ese ideal e debatan despois sobre: “existen semellanzas nos debuxos de rapazas e de rapaces?” Que supón que un corpo sexa perfecto? Influénnos as imaxes e selfies que vemos día a día? Que se esixe no corpo das rapazas? E no dos rapaces?
3. Podes buscar imaxes de publicidade sobre homes e mulleres e ver se se parecen ao que identificaron no seu ideal.
4. A clave é: cuestionar os cánones de beleza e o “postureo”, identificar a presión e cousificación que viven as mulleres na publicidade e medios (violencia simbólica) e fomentar o respecto á diversidade de corpos.

* A dinámica que propoñemos está extraída da **13. Guía didáctica: “La ciberviolencia hacia las adolescentes en las redes sociales”**, proposta no bloque 4 do apartado de materiais. É ideal para traballar o ciberacoso. Na guía atoparás moitas outras dinámicas sinxelas e axeitadas para sensibilizar e previr as ciberviolencias.

BLOQUE 5: Traballo de investigación

Pedirase a quen participe que realice un pequeno traballo de investigación:

1. Dividir a clase en 4 ou 5 grupos (poden ser os mesmos grupos que se formaron para o nivel básico).
2. Cada grupo terá que facer unha guía na que se recollan, por unha banda, os recursos municipais para a atención e o tratamento da violencia de xénero, e por outra banda, indicacións sobre como axudar se coñecemos algún caso de violencia sexual.
3. Para realizar esta investigación, facilitaráselle a quen participe as seguintes ligazóns da Concellería de Igualdade, nas que poderán atopar a información necesaria:
http://www.igualdadevigo.org/archivos_editor/file/Violencia%20Sexual%20na%20Xuventude.pdf
<http://www.igualdadevigo.org/violencia.php?sec=34>
4. Unha vez elaboradas as guías, cada grupo sairá a explicar o seu traballo.
5. Coa información que se recolla en cada un deles, elaborárase unha única guía, na que se recollan todos os recursos municipais e todas as recomendacións sobre como axudar nun caso de violencia sexual.
6. Finalmente, poderase pasar esta información a formato de cartaz para ser exposto no centro e que poida ser consultado cando sexa preciso.

BLOQUE 6: “Que sentirías ti?”

1. Ler a definición da regra de inversión do blog “Después de las Musas”, (podemos visualizar tamén os vídeos explicativos) <https://despuesdelasmusas.wordpress.com/2016/04/09/la-regla-de-la-inversion-igualdad-de-genero/>
2. A continuación, ler o artigo “Las 5 obras que explican por qué es importante la ley del ‘sólo sí es sí’” (<https://www.huffingtonpost.es/entry/las-5-obras-que-explican-por-que-es-importante-la-ley-del-solo-si-es-si-es-604dbc1ec5b60e0725f7d163>), centrándonos no apartado de “acoso callejero”.
3. Dividir a clase en 4 ou 5 grupos.
4. Cada grupo debatirá, aplicando a regra de inversión, que sentirían os rapaces se cada vez que saisen á rúa tivesen que escoitar frases como as que aparecen no artigo ou outras que escoitasen as súas compañeiras de clase.
5. Ao rematar cada grupo explicará ao resto da clase as súas conclusións.

BLOQUE 6: “TikTokers pola igualdade”

1. Ler o artigo “Mitos derribados sobre la Ley del sólo sí es sí para los que aún dudan de su necesidad” (<https://www.huffingtonpost.es/entry/solo-si-es-si-ley-feminismo-es-63060442e4b00c150d667475>) e ver o vídeo 12 da aplicación TikTok de Carla Galeote (https://www.tiktok.com/@carlagaleote/video/7126872174266207494?r=1&t=8Vq5uEGoprq&is_from_webapp=v1&item_id=7126872174266207494).
2. Pedirlle ao alumnado que, individualmente ou por parellas, realicen un vídeo (máximo 3 minutos de duración) no que expliquen a necesidade da lei ou desmonten mitos sobre esta (poden abordar ambos temas ou centrarse nun deles).
3. Unha vez elaborados os vídeos (pódese dar un prazo de 2 semanas), serán visualizados na aula.
4. Unha opción pode ser realizar un certame de vídeos e votar despois entre toda a clase os tres mellores, que poderán ter algún tipo de premio (decidido polo centro).

PROPOSTA “PUNTO LILA”

Espazo de información e sensibilización sobre a violencia contra as mulleres

O **Punto Lila** é un espazo de información e sensibilización sobre a violencia contra as mulleres que ten como obxectivo implicar o conxunto da comunidade educativa na reflexión sobre este problema social.

A través desta proposta preténdese xerar unha acción que contribúa a superar as diferentes formas de violencia contra as mulleres e que promova entre a mocidade unhas relacións libres, respetuosas, igualitarias, diversas e non sexistas.

Esta guía mostra algunhas ideas para implementar o **Punto Lila** en varios niveis de profundidade, podendo ampliarse ou adaptarse por cada centro segundo as súas propias características. Algunhas propostas de alcance serían:

NIVEL 1: O **Punto Lila** é creado polo centro coa colaboración do profesorado e permanece como un **espazo expositivo e informativo mentres dure a campaña do 25N nun lugar accesible para todo o alumnado**.

NIVEL 2: O **Punto Lila** convértese nun **espazo permanente**, como un recurso educativo máis, e **progresivamente se intentaría implicar o alumnado na súa dinamización**. Pódese complementar cun espazo virtual na páxina web do centro.



RECURSOS PARA O PUNTO LILA:

PANEL INFORMATIVO: con novas sobre violencia e igualdade, difusión de actividades do propio centro ou organizadas por outras entidades (p.e: Centro de Documentación e Recursos Feministas de Vigo), recomendacións de libros, películas, series, cancións, etc

EXPOSICIÓN BIBLIOGRÁFICA do centro sobre temas de igualdade, feminismo, violencia de xénero, etc

MATERIAL DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE: folletos, documentos, etc (pódese solicitar material á concellería por medio da “Ficha de inscrición no Punto Lila”)

EXPOSICIÓNS ITINERANTES DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE:
1. Violencia sexual e 2. A escala da violencia na adolescencia

ORGANIZACIÓN DE CHARLAS por especialistas en violencia de xénero, virtuais ou presenciais, dirixidas ao alumnado.

CREACIÓN DUN PUNTO LILA VIRTUAL que complemente e amplifique a información do espazo físico.